


**I PLAN DE IGUALDADE
ESCOLA DE ENXEÑARÍA AERONÁUTICA
E DO ESPAZO**



Aprobado en Comisión de Calidade: 04/03/2022

MOTIVACIÓN

A Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo (EEAE) amosou dende o seu comezo no ano 2016 un gran interese pola promoción da igualdade de xénero entre mulleres e homes, buscando a visibilización das mulleres nas disciplinas CTEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas) dentro da universidade e promovendo actividades nos niveis educativos de secundaria e bacharelato. Neste sentido foi pioneira ao patrocinar, xunto coa Facultade de Ciencias, a Escola de Enxeñaría Informática e a Escola de Enfermaría de Ourense, o Concurso Escolar de redacción e debuxo do Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia no curso 2016/2017 e, posteriormente no curso 2017/2018, promover as xornadas de divulgación Exxperimenta en Feminino.

O I Plan de Igualdade da Escola de Enxeñaría de Aeronáutica e do Espazo nace co propósito de explicitar o traballo desenvolvido ata o de agora e contribuír á consecución dos obxectivos do [III Plan de Igualdade da Universidade de Vigo](#). Nel propóñense once accións, aliñadas con obxectivos do III Plan de Igualdade, e estruturadas dentro dos seus 4 eixos de actuación.

Este I Plan de Igualdade desenvolverase durante o trienio 2022-2024, ao final do cal se avaliará o seu cumprimento e resultados.

ACCIÓNS PROPOSTAS

Eixe	Obxectivos	Accións
Eixe 1. Cultura da igualdade: sensibilizar, visibilizar e comunicar	1.1. Visibilizar e sensibilizar sobre as desigualdades existentes baseadas no xénero, e as causas que as provocan, para implicar toda a comunidade universitaria na consecución dunha contorna máis xusta	<p>Acción 1: Celebrar os días especiais relacionados coa muller e a enxeñaría, as tecnoloxías espaciais e aeronáuticas con campañas de visibilización</p> <ul style="list-style-type: none"> - 11 de febreiro: Día da Muller e a Nena na Ciencia, - 12 de abril: Día Mundial da Aviación e a Cosmonáutica, - 4º xoves de abril: Día da Muller nas TIC, - 23 de xuño: Día Internacional das Mulleres na Enxeñaría, - do 4 ao 10 de outubro: Semana Mundial do Espazo

Eixe	Obxectivos	Accións
		<p>Acción 2: Incorporar a dimensión de xénero nos informes de avaliación de materias/mencións/titulacións, incorporando indicadores desagregados por xénero</p> <p>Acción 3: Actualizar e manter na páxina da EEAE o apartado específico de Igualdade, recollendo alí as diferentes iniciativas, normativas e recomendacións que se fagan desde a EEAE nesta liña</p>
	1.3. Fomentar a participación das mulleres nos espazos públicos e nas tomas de decisión	<p>Acción 4: Promover a presenza paritaria de homes e mulleres nas comisións, conferencias, mesas redondas e outras actividades organizadas pola EEAE</p>
Eixe 2. Medidas relativas á igualdade nas estruturas funcionais e organizativas da universidade	2.1. Fortalecer o compromiso da institución coa igualdade de xénero	<p>Acción 5: Accións de captación de estudantado específicas para mozas: coa axuda da DEAE, das asociacións de estudantado e das estudantes da EEAE, continuar as actividades de divulgación para alumnas de secundaria (Concurso escolar, eXXperimenta en feminino), e primaria (Concurso escolar)</p>
	2.3. Comunicar con perspectiva de xénero e transmitir unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada	<p>Acción 6: Garantir unha comunicación inclusiva na rede e RRSS da EEAE, utilizando imaxes de homes e mulleres non estereotipados e linguaxe inclusiva (LI)</p> <p>Acción 7: Mellorar a LI en informes e actas</p>

Eixe	Obxectivos	Accións
<p>Eixe 3. Docencia, investigación e transferencia do coñecemento con perspectiva de xénero</p>	<p>3.1. Fomentar a inclusión da perspectiva de xénero na docencia</p>	<p>Acción 8: Promover a incorporación da perspectiva de xénero naquelas materias das titulacións da EEAE nas que se considere relevante</p> <p>Acción 9: Dar apoio para a redacción de guías, informes e materiais docentes con LI.</p> <p>Acción 10: Promover a presenza de profesorado de ambos xéneros nos tribunais de TFG e TFM</p>
<p>Eixe 4. Traballar e estudar na universidade en igualdade e promover unhas condicións sociolaborais con perspectiva de xénero</p>	<p>4.1. Favorecer a conciliación e corresponsabilidade da vida profesional, familiar e persoal</p>	<p>Acción 11: Favorecer o uso de medios telemáticos para reunións, que faciliten a conciliación e a corresponsabilidade na vida familiar, persoal e profesional</p>